

ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicexerenta de Persoal:

Ana Comesaña Álvarez

Xefe do Servizo de PAS e Retribucións:

José M. Fernández Viña

Xefa da Sección de Formación e Acción Social:

Margarita González Hernández

Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica:

Antón Vidal Andión

Secretario de actas:

Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Federico Fernández Fernández (CIG)

Luis Pérez Gómez (CIG)

José María Pérez Landín (CSI-CSIF)

Manuel Marcos García (CCOO)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Acta da reunión da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 11:00 horas do día 17 de abril de 2008, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Cuestións varias derivadas da interpretación do II Convenio Colectivo.

Cuestións previas:

A Vicexerenta de Persoal toma a palabra e fai referencia a acta de constitución da comisión paritaria, indicando os cambios derivados da nova xerencia en canto ao cargo de presidente e secretaría. Desculpa a ausencia na reunión da presidenta asumindo as funcións.

Acórdase que se inclúa como membro da Comisión, a José María Pérez Landín, representante do sindicato CSI-CSIF, que expresou a súa adhesión ao II Convenio Colectivo.

1. Cuestións varias derivadas da interpretación do II Convenio Colectivo

- 1.1.- Artigo nº 6: a parte social presenta un documento que figura como Anexo 1 como proposta de execución de dito artigo sobre actualizacións normativas e retributivas. A administración estudará o documento e lle dará resposta na próxima reunión.

Verbo do incremento do IPC, acórdase que é unha materia que debe ser obxecto de negociación entre Xerencia e Comités de Empresa, quedando fóra do ámbito de actuación desta Comisión.

- 1.2.- Artigo 19: a parte social pide aclarar os dereitos que lle corresponde ao persoal en excedencia respecto da participación nos concurso de traslados, a formación e a promoción interna. Sobre o concurso de traslados, a parte social expresa que, ademais do persoal que

ten reserva de praza, debe poder concursar o persoal que non ten reserva de praza e solicitou o seu reingreso.

Tralo análise e debate as partes acordan:

O persoal laboral fixo en excedencia, poderá participar nos concursos de traslados teña ou non reserva de praza, sempre que presenten a súa solicitude no prazo de presentación de solicitudes que se fixe na convocatoria.

1.3.- Artigo 20 en relación co artigo 22: a parte social, poñéndoo en consideración co artigo 15.6 do Estatuto dos Traballadores, considera que deben aplicarse os mesmos dereitos do persoal fixo ao persoal contratado. Con este argumento propoñe que se lle aplique a posibilidade ao persoal temporal de adscrición provisional por cambio de quenda previsto no artigo 20 para o persoal fixo. A administración aclára que os dereitos do persoal fixo e temporal teñen que ir en relación coa natureza do vínculo, e que o artigo 20 está para o persoal fixo, e o 22 para o persoal temporal. A Universidade debe garantir o servizo público, axilizando os procedementos para atender as necesidades, e o sistema previsto no Convenio xa retrasa bastante estes procedementos pola súa complexidade, xerando que por un posto pasen distintas persoas nun breve espazo de tempo, cos prexuízos para o servizo que isto supón. Ademais e fundamentalmente, o que non se recolleu en dito artigo 22, por mor da negociación do convenio, non se pode engadir agora pola vía da interpretación. De ter querido incluír o cambio de quenda como criterio de opción para o cambio do contrato, se debía haber recollido no artigo 22, e se non se fixo é porque non se acordou.

1.4.- Artigo 22.1.e): A parte social plantexa que existen dúbidas en torno a interpretación estrita ou ampla da localidade de residencia, como criterio de opción do contrato temporal.

Tralo debate acórdase:

A opción doutro contrato por razón de residencia, debe interpretarse no ámbito provincial.

A administración convocará á Comisión Paritaria para resolver as dúbidas que poidan plantexase na aplicación deste acordo por mor das circunstancias excepcionais que poidan darse na aplicación práctica.

1.5.- Artigo 23.1.b.: Interpretación da xornada partida para o persoal que presta os seus servizos en xornada irregular, en concreto os fins de semana. Ata agora, existe persoal da categoría ATID que na actualidade presta os seus servizos cunha xornada de 35 horas en fin de semana e percibe o complemento por xornada partida proporcional a eses 2 días. A parte social solicita que perciban o complemento enteiro. A empresa comunica que debe estudarse polo miúdo, para o que comprométese a facelo e dar unha resposta na próxima reunión.


1.6.- Artigo 23.2.c.: Cómputo dos días de libre disposición para os traballadores que prestan o seus servizos en xornada irregular en fin de semana. Acordase que para todo o persoal os días de libre disposición deben pesar en xornada o mesmo. A administración fará os cálculos que legalmente procedan e se tratará na próxima reunión.

1.7.- Artigo 23.5.: Obriga de traballar ata 15 sábados ao ano. Debese aclarar a súa aplicación, no senso de se entran ou non as tardes nesa obriga, se non entran como parece deducirse do artigo de xeito claro, de non ser así, as quendas de sábado pola tarde deben ser excepcionais, tratadas como horas extras e responder a necesidades da institución. Farase un estudo da situación e do uso dos sábados pola tarde, e darase conta na próxima xuntanza.

1.8.- Artigo 30: Pola empresa plantexanse dúbidas na interpretación e aplicación do complemento por xornada partida , previsto para horario partido de luns a venres. Nos casos nos que se concede unha redución da xornada nos supostos previstos nas Leis, en relación á diminución do seu importe e á consideración que se debe dar aos días nese réxime de xornada partida para xerar a percepción do complemento. A proposta da Vicexerencia, recollendo as deliberacións plantexadas, será realizada na vindeira reunión.

Fíxase a data da vindeira reunión para o próximo 7 de maio.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13.15 horas, do cal dou fe como Secretario.



A collection of approximately ten handwritten signatures in blue ink, scattered across the lower half of the page. The signatures vary in style, with some being highly stylized and others more legible. One signature in the bottom left corner is written over the printed text 'O SECRETARIO'.

Anexo ao II Convenio Colectivo do Persoal Laboral de Administración e Servizos da Universidade de Vigo.

Ás 11.00 horas do día 17 de abril de 2008, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais reúnen-se os integrantes da comisión paritaria do convenio de referencia:

En representación da Xerencia da Universidade de Vigo:

Vicexerenta de Persoal: Ana Comesaña Álvarez
Xefe do Servizo de PAS e Retribucións: José M. Fernández Viña
Xefa da Sección de Formación e Acción Social: Margarita González Hernández
Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica: Antón Vidal Andión

En representación da parte social:
Federico Fernández Fernández (CIG)
Luís Pérez Gómez (CIG)
José María Pérez Landín (CSI-CSIF)
Manuel Marcos García (CCOO)
Marcos Estévez Orge (CCOO)
José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Secretario de actas:
Rafael Ameneiro Bravo

Nesa reunión chegan aos seguintes Acordos:

1. Artigo 19:

O persoal laboral fixo en excedencia, poderá participar nos concursos de traslados teña ou non reserva de praza, sempre que presenten a súa solicitude no prazo de presentación de solicitudes que se fixe na convocatoria.

2. Artigo 22.1.e):

A opción doutro contrato por razón de localidade de residencia, debe interpretarse no ámbito provincial.

Na reunión da Comisión Paritaria celebrada o 14 de maio de 2008 acordan a publicación interna dos Acordos como Anexo do Convenio, sen que sexa precisa a publicación no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, 23 de maio de 2008.

Pola Universidade de Vigo

Pola parte social

O Secretario